Manuel Campos Velay (1 para 1)
Alcalde de Cuntis
Data de Sinatura: 05/06/2020
HASH: 7f342f40e6a975695c5cccf2d31b03353

BANDO

USO DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis,

FAI SABER:

Que a partir do vindeiro **luns 8 de xuño** poderán usarse novamente as instalacións municipais deportivas.

Para iso, tendo en conta que continuamos en situación de alarma motivada polo COVID 19, teranse en conta as seguintes pautas:

1.- Poderán utilizarse as instalacións deportivas (Campo de Fútbol / Pavillón Municipal /Pistas de Atletismo) para un uso colectivo por clubs federados locais e asinantes de convenio municipal, cumprindo as medidas establecidas polas autoridades sanitarias.

2.- Cada Club ou persoa individual do municipio deberá solicitar o uso da instalación **por escrito** cunha antelación mínima de 3 días, especificando as "**datas/horario/instalación**" de ocupación. De xeito que o Concello poida realizar a desinfección posterior, para ser utilizada novamente por calquera outro club ou particular que a solicite.

3.- En termos xerais, só se permite a utilización dos vestiarios, aínda que se estudará cada caso en particular.

4.- Por norma xeral, respectaranse os horarios e instalacións solicitadas con anterioridade á pandemia.

5.- A persoa que asine a solicitude, en nome propio ou en nome do club/asociación deportiva, **será responsable** dos danos que se poidan ocasionar na instalación durante o seu uso, do cumprimento estrito do horario asignado, así como de que todas as persoas que estean a utilizar ese espazo cumpran coas medidas hixiénico-sanitarias de prevención relativas á COVID-19 (límite de aforo, uso de máscaras, distancia mínima entre persoas, prohibición do acceso á instalación a persoas acompañantes e/ou público).

6.- A solicitude de calquera destas instalacións formularase por escrito dando traslado á Alcaldía, que será quen **autorice ou denegue** o uso da instalación solicitada, tendo en conta as distintas variables: actividade para a que se solicita, días, horas,...

7.- Esta solicitude deberá tramitarse cubrindo o modelo de SOLICITUDE DE USO DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS directamente na OMIX (teléfono de contacto: 986533600) ou no rexistro do Concello (teléfono de contacto: 986548005). Pode descargarse no enlace https://concellodecuntis.org/gl-es/documentos/0/participacion-ciudadana

O que se informa para xeral coñecemento

Cod. Validación: 423L2W735GXY9G36TKQWSW2K6 | Corrección: https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Concello de Cuntis

SOLICITUDE DE USO DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Nome e apelidos da persoa solicitante:			D.N.I.:
Rúa/Lugar/Parroquia:		Núm.:	Teléfono/s:
C.P.:	Localidade:		Provincia:
Correo electrónico:			
En representación da Asociación/Club: C.I.F.: **Inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións: SI _____ NON_____**			

LOCAL A SOLICITAR	ACTIVIDADE/S A DESENVOLVER	DÍA/S	HORARIO/S	DATA/S

OBSERVACIÓNS:

A persoa solicitante, en nome propio ou en nome da asociación/club arriba indicado, **asume a responsabilidade de:**

- Os danos que se poidan ocasionar na instalación durante o seu uso.
- O cumprimento estrito do horario asignado, debendo entrar e saír da instalación coa máxima puntualidade.
- O cumprimento das medidas hixiénico-sanitarias de prevención relativas á COVID-19 por parte de todas as persoas que estean a utilizar esa instalación (límite de aforo, uso de máscaras, distancia mínima entre persoas).
- Que ningunha persoa utilice os **cuartos de baño** da instalación.
- No caso das actividades deportivas, o uso exclusivo dos vestiarios.
- Que ás instalacións non accedan persoas acompañantes nin público.

Cuntis, …….. de …… de 20…..

Asdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CUNTIS